

Zeltia Burgos Tortosa, Secretaria Nacional da CIG-Autonomica, co enderezo válido para os efectos de notificacións indicado na cabeceira deste escrito e no correo electrónico [autonomica@cigadmon.gal](mailto:autonomica@cigadmon.gal), en nome e representación desta organización sindical,

EXPOÑO:

A CIG-Autonomica recibiu mediante correo electrónico o venres 27 de xullo ás 14:27 horas, un borrador dun acordo de bases dunha hipotética carreira profesional no ámbito de Función Pública, con indicación de que poderíamos presentar alegacións ata o martes 31 de xullo, ás 14:00 horas.

A CIG-Autonomica ten solicitado en múltiples ocasións a negociación dunha carreira profesional para o persoal referido, sen conseguir receptividade algunha por parte dos nosos interlocutores.

Non parece que unha proposta de acordo enviada mediante correo electrónico un venres ás 14:27 h, cun fin de semana de finais de xullo por medio, que require un tempo mínimo de estudo, avaliación e debate interno por parte dos das organizacións sindicais, e presentar alegacións o martes seguinte antes das 14 horas, cumpra cos mínimos principios de negociación referidos polo EBEP e a LEPG. Moito menos tratándose dunha materia que tería unha importante incidencia nas condicións de traballo de persoal, unha novidade a despachar en poucas horas.

A carreira profesional é unha demanda histórica da CIG e que consideramos moi importante para os traballadores e traballadoras da Xunta de Galiza polo que compe unha negociación efectiva.

Por comparar, no DOG do 30/07/2018 publicase a Orde pola que se publica o Acordo sobre as bases da carreira profesional no ámbito do SERGAS, acordo que requiriu de moitos meses de negociación.



SOLICITO:

A apertura dunha negociación real para tratar a proposta do Acordo para a carreira profesional cuns tempos adecuados que permitan a representación sindical presentar achegas de mellora.

Compostela, 31 de xullo de 2018

A secretaria nacional da CIG-Autonomica

Zeltia Burgos Tortosa



ADMINISTRACION  
AUTONOMICA

Dirección Xeral da Función Pública  
Consellería de Facenda  
Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela

